PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 482 | VIII lexislatura | 1 de xuño de 2011

Fascículo 2

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

3.5.1. Mocións

- 08/MOC-0113 (65260)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o impacto da crise económica no sector audiovisual e as medidas que debe adoptar o Goberno galego ao respecto. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 32660, publicada no BOPG núm. 226, do 06.05.2010, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2011) 144321

- 08/MOC-0114(65261)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
López Vidal, Pablo Xabier
Sobre a aprobación, logo da súa tramitación parlamentaria, do Plan director de estradas de Galicia, a remisión á Cámara dun cronograma de actuacións prioritarias en materia de infraestruturas e a creación dunha comisión especial de seguimento. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 32660, publicada no BOPG núm. 226, do 06.05.2010, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2011) 144324

- 08/MOC-0115(65262)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, Concepción
Sobre a convocatoria de axudas para a adquisición de fondos bibliográficos para as bibliotecas públicas e os investimentos no ano 2011 para a promoción da edición de libros en galego, así como para o programa Letras Vivas. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 64447, publicada no BOPG núm. 467, do 10.05.2011, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2011) 144326

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

- 08/PNP-1205 (65138)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central, así como á Axencia Internacional da Enerxía Atómica, da adopción de medidas de control, inspección e monitorización dos refugallos radioactivos vertidos na foxa atlántica, fronte ás costas galegas 144328

- 08/PNP-1206(65184)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Alonso, Alejandro, e trece deputados máis
Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Ministerio de Fomento da realización dunha xuntanza da Comisión de Seguimento do Pacto do Obradoiro, a publicación dun cronograma das obras dos treitos de alta velocidade ferroviaria entre Olmedo e Ourense e a licitación dos pendentes entre Requejo-Lubián-Taboadela-Ourense 144331

- 08/PNP-1207(65190)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz, e tres deputados máis
Sobre a formación, de xeito específico, ao persoal sanitario e aos médicos, así como aos equipos de valoración, para a detección e o tratamento da fibromialxia, así como da síndrome de fatiga crónica 144335

4. Procedementos de información

4.1. Solicitudes de comparecencia

4.1.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

- 08/CPP-0248 (65211)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Do Sr. conselleiro de Economía e Industria, para dar conta das actuacións do Igape na concesión de axudas, avais e subvencións e para coñecer as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para investigar a súa concesión, as que pensa realizar no caso de detectar irregularidades e os cambios que está a impulsar para garantir o apoio e a confianza ao tecido produtivo galego 144337

- 08/CPP-0249(65307)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Da Sra. conselleira do Mar, para que dea conta do acordo da Xunta polo que se declara de interese público de primeira orde a acuicultura en Galicia 144340

4.2. Interpelacións

- 08/INT-0828 (65197)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Verdes Gil, Sonia
Sobre o anuncio realizado pola Xunta de Galicia da posibilidade de celebración dos curros que teñan un importante interese turístico, sen que os cabalos teñan o chip de identificación, e as actuacións previstas para o cumprimento da normativa vixente na materia, nomeadamente no referido ao cabalo do monte, así como para regular o aproveitamento deste para o pastoreo en liberdade ou semiliberdade 144342

4.3. Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

- 08/POP-2472 (65222)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre as axudas e os avais concedidos polo Instituto Galego de Promoción Económica ás empresas da construción 144344

- 08/POP-2473(65225)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre as axudas concedidas polo Instituto Galego de Promoción Económica ás empresas investigadas na denominada *Operación Campeón* 144347

- 08/POP-2466 (65121)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez González, Román, e seis deputados máis
Sobre as novidades achegadas polo decreto no que se regula a atención á diversidade do alumnado no sistema educativo galego 144350

- 08/POP-2467(65137)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda de actuacións de control, inspección e monitorización dos refugallos radioactivos vertidos na foxa atlántica, fronte ás costas galegas 144352

- 08/POP-2468(65152)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique
Sobre a investigación do Servizo de Vixilancia Aduaneira das actividades de empresas situadas no polígono do Céao, en Lugo, e a relación destas co Instituto Galego de Promoción Económica 144355

- 08/POP-2470(65170)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as medidas que vai adoptar a Consellería do Mar na defensa da actividade pesqueira e marisqueira profesional nas augas do Parque Nacional das Illas Atlánticas 144357

- 08/POP-2471(65199)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Verdes Gil, Sonia
Sobre o anuncio realizado pola Xunta de Galicia da posibilidade de celebración dos curros que teñan un importante interese turístico, sen que os cabalos teñan o chip de identificación 144359

4.3.1.1. Preguntas urxentes

- 08/POP-2474(65241)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, Carmen, e Pose Mesura, Modesto
Sobre as causas das deficiencias existentes na prestación de atención médica no concello de Vilaboa (art. 155.5) 144361

A Mesa do Parlamento, na reunión do 31 de maio de 2011, adoptou os seguintes acordos

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

3.5.1. Mocións

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 08/MOC-0113 (65260)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o impacto da crise económica no sector audiovisual e as medidas que debe adoptar o Goberno galego ao respecto. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 32660, publicada no BOPG núm. 226, do 06.05.2010, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2011)

A Mesa acorda a admisión a trámite coa aclaración, no tocante ao punto 6 da parte resolutiva, de que a Comisión Mixta non ten carácter parlamentario, senón que se crea no ámbito do Executivo.

- 08/MOC-0114(65261)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
López Vidal, Pablo Xabier
Sobre a aprobación, logo da súa tramitación parlamentaria, do Plan director de estradas de Galicia, a remisión á Cámara dun cronograma de actuacións prioritarias en materia de infraestruturas e a creación dunha comisión especial de seguimento. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 32660, publicada no BOPG núm. 226, do 06.05.2010, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2011)

A Mesa acorda a admisión a trámite e fai constar, en primeiro lugar, que a representación de todos os grupos parlamentarios é un mandato previsto no artigo 40.1 do Regulamento e, en segundo lugar, que a participación do Goberno galego debe facerse en calidade de comparecente conforme o disposto na alínea 3.ª dese mesmo artigo.

- 08/MOC-0115(65262)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, Concepción
Sobre a convocatoria de axudas para a adquisición de fondos bibliográficos para as bibliotecas públicas e os investimentos no ano 2011 para a promoción da edición de libros en galego, así como para o programa Letras Vivas. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 64447, publicada no BOPG núm. 467, do 10.05.2011, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2011)

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 08/PNP-1205 (65138)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central, así como á Axencia Internacional da Enerxía Atómica, da adopción de medidas de control, inspección e monitorización dos refugallos radioactivos vertidos na foxa atlántica, fronte ás costas galegas

- 08/PNP-1206(65184)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Alonso, Alejandro, e trece deputados máis
Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Ministerio de Fomento da realización dunha xuntanza da Comisión de Seguimento do Pacto do Obradoiro, a publicación dun cronograma das obras dos treitos de alta velocidade ferroviaria entre Olmedo e Ourense e a licitación dos pendentes entre Requejo-Lubián-Taboadela-Ourense

- 08/PNP-1207(65190)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz, e tres deputados máis
Sobre a formación, de xeito específico, ao persoal sanitario e aos médicos, así como aos equipos de valoración, para a detección e o tratamento da fibromialxia, así como da síndrome de fatiga crónica

4. Procedementos de información

4.1. Solicitudes de comparecencia

4.1.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 08/CPP-0248 (65211)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Do Sr. conselleiro de Economía e Industria, para dar conta das actuacións do Igape na concesión de axudas, avais e subvencións e para coñecer as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para investigar a súa concesión, as que pensa realizar no caso de detectar irregularidades e os cambios que está a impulsar para garantir o apoio e a confianza ao tecido produtivo galego

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 08/CPP-0249(65307)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Da Sra. conselleira do Mar, para que dea conta do acordo da Xunta polo que se declara de interese público de primeira orde a acuicultura en Galicia

4.2. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 08/INT-0828 (65197)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Verdes Gil, Sonia
Sobre o anuncio realizado pola Xunta de Galicia da posibilidade de celebración dos curros que teñan un importante interese turístico, sen que os cabalos teñan o chip de identificación, e as actuacións previstas para o cumprimento da normativa vixente na materia, nomeadamente no referido ao cabalo do monte, así como para regular o aproveitamento deste para o pastoreo en liberdade ou semiliberdade

4.3. Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 08/POP-2472 (65222)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre as axudas e os avais concedidos polo Instituto Galego de Promoción Económica ás empresas da construción

- 08/POP-2473(65225)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre as axudas concedidas polo Instituto Galego de Promoción Económica ás empresas investigadas na denominada *Operación Campeón*

Admisión a trámite e publicación

- 08/POP-2466 (65121)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez González, Román, e seis deputados máis
Sobre as novidades achegadas polo decreto no que se regula a atención á diversidade do alumnado no sistema educativo galego

- 08/POP-2467(65137)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda de actuacións de control, inspección e monitorización dos refugallos radioactivos vertidos na foxa atlántica, fronte ás costas galegas

- 08/POP-2468(65152)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique
Sobre a investigación do Servizo de Vixilancia Aduaneira das actividades de empresas situadas no polígono do Céao, en Lugo, e a relación destas co Instituto Galego de Promoción Económica

- 08/POP-2470(65170)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre as medidas que vai adoptar a Consellería do Mar na defensa da actividade pesqueira e marisqueira profesional nas augas do Parque Nacional das Illas Atlánticas

A Mesa admítea a trámite coa modificación expresada *in voce* polo representante na Mesa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, que manifesta contar co apoderamento do autor da iniciativa, que consiste en substituír a expresión "actividade marisqueira e pesqueira" por "actividade extractiva".

- 08/POP-2471(65199)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Verdes Gil, Sonia
Sobre o anuncio realizado pola Xunta de Galicia da posibilidade de celebración dos curros que teñan un importante

interese turístico, sen que os cabalos teñan o chip de identificación

4.3.1.1. Preguntas urxentes

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 08/POP-2474(65241)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, Carmen, e Pose Mesura, Modesto
Sobre as causas das deficiencias existentes na prestación de atención médica no concello de Vilaboa (art. 155.5)

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2011

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 16:30
Nº Rexistro: 65260
Data envio: 27/05/2011 14:00:32.841

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da sua deputada e portavoz **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, apresenta a seguinte **Moción** para substanciar a **Interpelación** debatida na sesión celebrada o 24 de maio de 2011, sobre o impacto da crise económica no sector audiovisual e as medidas que vai adoptar a Xunta de Galiza ante ela **(doc. núm. 32.660).**

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas:

1. Proceder, no prazo dun mes, a unificar as competencias en materia de audiovisual. Para este cometido, crearase unha sección específica dentro da Agadic -con autonomía no seu funcionamento e con persoal especializado en política audiovisual- procedendo á disolución do Consorcio Galego do Audiovisual.
2. Incrementar os investimentos da Xunta de Galiza en materia de audiovisual. Revisaranse as drásticas baixadas producidas nos diferentes organismos e departamentos da administración galega durante os dous últimos anos, garantindo que os recortes non sexan superiores á porcentaxe de descenso global do orzamento consolidado da Xunta de Galiza.
3. Cumprimento, por parte da CRTVG, da obriga de investir o 6% dos seus ingresos no financiamento anticipado de longametraxes cinematográficas, tv movies, series de televisión, series e películas de animación e documentais. Asemade, a CRTVG realizará unha convocatoria pública para a distribución destes fondos, con criterios obxectivos e comisións independentes de avaliación dos proxectos que se presenten.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 16:30
Nº Rexistro: 65260
Data envio: 27/05/2011 14:00:32.841

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Garantir que as ordes de axudas destinadas ao apoio ao sector audiovisual se publiquen no primeiro trimestre do ano.
5. Recuperar, no prazo dun mes, o proxecto de flocos.tv.
6. Constituír, no prazo de quince días, unha comisión mixta, conformada pola Xunta de Galiza, Parlamento de Galiza e as asociacións do sector audiovisual galego ao obxecto de -no prazo de tres meses- realizar unha diagnose do impacto da crise no sector audiovisual e elaborar un Plan estratéxico de apoio ao sector audiovisual galego, que estableza medidas destinadas a:
    a. Apoiar a produción audiovisual, establecendo obxectivos concretos para incrementar as obras producidas en versión orixinal en galego.
    b. Garantir a igualdade de oportunidades e a transparencia no acceso aos fondos públicos, establecendo comisións de avaliación dos proxectos para as diferentes convocatorias. Estas comisións estarán integradas por persoas expertas independentes, serán renovadas anualmente, respectarán a paridade de xénero e a súa composición será pública.
    c. Fortalecer o tecido profesional e empresarial galego.
    d. Incrementar os circuítos internos de distribución das producións audiovisuais galegas e potenciar o papel de escaparate que neste ámbito debe xogar a televisión pública.
    e. Impulsar a internacionalización do audiovisual galego.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Deputada e Portavoz S. do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 16:30
Nº Rexistro: 65260
Data envio: 27/05/2011 14:00:32.841

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 27/05/2011 13:59:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 17:27
Nº Rexistro: 65261
Data envio: 27/05/2011 17:27:14.577

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado, **Pablo Xabier López Vidal**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 24 de maio de 2011, sobre o estado de execución das obras de diversas vías de alta capacidade, o cronograma previsto e a incidencia do baixo nivel de execución orzamentaria nelas (08/INT-0814, doc. núm. 64436)

MOCIÓN

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Aprobar de xeito definitivo neste período de sesións e conforme o establecido na normativa de aplicación, o Plan Director de Estradas de Galicia que leva varios anos en tramitación, logo da súa oportuna tramitación parlamentaria conforme o establecido no artigo 142 do regulamento do Parlamento de Galicia.

2. Remitir a Cámara un cronograma de actuacións prioritarias en materia de infraestruturas, a levar a cabo na presente lexislatura.

3. Crear ó abeiro do disposto nos artigos 50 – 51 do Regulamento da Cámara, unha Comisión non permanente especial (con representación de tódolos grupos parlamentarios e na que tamén participe o Goberno galego), para o seguimento da planificación e execución das infraestruturas pendentes de construír en Galicia, no que resta de lexislatura.

Parlamento de Galicia, 27 de maio de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 17:27
Nº Rexistro: 65261
Data envio: 27/05/2011 17:27:14.577

Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 27/05/2011 17:01:55

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/05/2011 17:01:59

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 17:35
Nº Rexistro: 65262
Data envio: 27/05/2011 17:35:34.442

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 24 de maio de 2011, sobre os recursos orzamentarios destinados no ano 2011 ás bibliotecas públicas, os que se van destinar para o programa Letras vivas e as previsións de eliminación do programa de axudas á adquisición de fondos bibliográficos, así como á política da Consellería de Cultura e Turismo ao respecto (08/INT-0815, doc. núm. 64447)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Convocar de forma inmediata as axudas para a adquisición de fondos bibliográficas abertas a todas as biblioteca públicas, con un investimento a lo menos igual o reflectido no convenio de colaboración firmado pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Cultura para este fin.

2. Manter as normas que rexían estas axudas de maneira que todas as bibliotecas públicas, e non só as nodais, podan decidir que fondos bibliográficos adquiren.

3. Investir integramente a partida consignada nos orzamentos de 2011 para a promoción a edición de libros en galego (800.000 €) e xestionala de forma independente das axudas para a adquisición de fondos bibliográficos.

4. Destinar como mínimo o mesmo presuposto que no ano 2010 para o programa de animación a lectura "letras Vivas" nas bibliotecas públicas, independentemente do gasto nas bibliotecas nodais. As actividades de "Letras Vivas" deben desenvolverse ao longo de todo o ano.

5. Poñer en marcha de forma inmediata un programa de formación presencial para os profesionais das bibliotecas.

Pazo do Parlamento, 27 de maio de 2011

Asdo.: Concepción Burgo López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2011 17:35
Nº Rexistro: 65262
Data envio: 27/05/2011 17:35:34.442

Grupo Parlamentario
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 27/05/2011 17:33:54

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/05/2011 17:33:59

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2011 17:10
Nº Rexistro: 65138
Data envio: 24/05/2011 17:10:52.821

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez**, e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu tratamento en Pleno**, relativa ás previsións de control e monitorización dos refugallos radioactivos vertidos na Fosa Atlántica, fronte ás costas galegas.

Na década de 1980 foron deitadas na denominada "Fosa Atlántica", fronte ás costas de Galiza, aproximadamente 140.000 toneladas de refugallos radioactivos, procedentes fundamentalmente de centrais nucleares de toda Europa. O método escollido consistiu na introdución dos refugallos en bidóns de aceiro con formigón, botados ao mar dende buques mercantes, e actualmente depositados a uns 3.000 metros de profundidade, de xeito disperso, desordenado e en localizacións descoñecidas no fondo do mar.

A Organización Marítima Internacional (OMI) recoñeceu recentemente que os bidóns non son obxecto de ningún tipo de control e inspección. Levan 30 anos en fondos mariños próximos a Galiza, e descoñécese o seu estado actual, así como o nivel de corrosión que eventualmente manteñan.

Con independencia da distribución competencial existente neste ámbito, o Goberno galego debe reclamar do Estado español, así como da Axencia Internacional da Enerxía Atómica, a posta en marcha de medidas específicas de control, inspección e monitorización dos refugallos, mesmo con previsión de actuacións de retirada e traslado no caso de se confirmar algún tipo de risco.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2011 17:10
Nº Rexistro: 65138
Data envio: 24/05/2011 17:10:52.821

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Temos un cemiterio nuclear perto de Galiza, cunha radioactividade acumulada na zona estimada nun millón de curios. Pódese asumir esta realidade con resignación, ou ben modificala. O BNG é partidario da segunda tese. E desastres nucleares como o de Fukushima certifican –e alertan- sobre a inseguranza da enerxía atómica e os seus refugallos.

Hai case trinta anos o pobo galego, masivamente, expresou a súa oposición á consideración do noso mar como lugar de acumulación de refugallos nucleares, como espazo no que calquera país podía botar o seu lixo. Concentracións en Londres perante a OMI protagonizadas por ADEGA, pequenos pesqueiros galegos ("Xurelo", "Arosa I", "Pleamar") que lle fixeron fronte directamente a estas operacións no mar, e mobilización sociais de diverso tipo impediron finalmente estas prácticas vergoñentas e aberrantes no noso mar. Cumpre agora non esquecer, e actuar en consecuencia.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a reclamar do Goberno español e da Axencia Internacional da Enerxía Atómica a adopción das seguintes medidas, vinculadas á existencia de 140.000 toneladas de refugallos nucleares deitados desde hai trinta anos na Fosa Atlántica, diante do litoral de Galiza:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2011 17:10
Nº Rexistro: 65138
Data envio: 24/05/2011 17:10:52.821

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Accións específicas de control, inspección e monitorización do estado dos refugallos, de determinación da localización de cada un dos bidóns, e de avaliación de riscos presentes e futuros.

2.- Avaliación e seguimento dos niveis de contaminación radioactiva.

3.- Avaliación de accións de retirada e traslado dos refugallos no caso de se confirmar a existencia de riscos.

4.- Dar conta periódicas á Xunta de Galiza e ao Parlamento galego da información existente en relación con este asunto.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 24/05/2011 16:39:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2011 16:30
Nº Rexistro: 65184
Data envio: 25/05/2011 14:03:35.495

grupo parlamentario de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e a iniciativa dos deputados e deputadas, **Alejandro Gómez Alonso, Jaime Castiñeira Broz, Román Rodríguez González, Pablo Cobián Fernández de la Puente, Jesús A. Goldar Güimil, Enrique Novoa López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Marta Rodríguez Arias, Antonio Rodríguez Miranda, Carlos Negreira Souto, Manuel S. Ruiz Rivas, Emma Alvarez Chao, Pedro M. Arias Veira** e **José Manuel Balseiro Orol,** ao abeiro do disposto no Artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno,** polo trámite de **Urxencia.**

Xustificación da Urxencia

Ante o recente anuncio do Secretario de Estado de Infraestructuras de suspender "sine die" a xuntanza da Comisión de Seguimento do Pacto do Obradoiro, a Cámara galega debería de pronunciarse sobre o grado de cumprimento do Ministerio de Fomento co Pacto do Obradoiro subscrito coa Xunta de Galicia.

Exposición de Motivos

Coa sinatura do Pacto do Obradoiro subscrito entre o Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Nuñez Feijóo e o Ministro de Fomento, José Blanco, o que se pretendía era pórlle fin a 5 anos de mentiras sobre a chegada da alta velocidade a Galicia.

Dende o primeiro momento se acordou constituír unha "Comisión de Seguimento" para velar polo cumprimento dos prazos establecidos e dos anuncios de licitación para facer realidade a alta velocidade galega no ano 2015.

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 541 510
F. 981 541 472
gp.ppdegalicia@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2011 16:30
Nº Rexistro: 65184
Data envio: 25/05/2011 14:03:35.495

grupo parlamentario de Galicia

Transcorridos 2 anos dende a sinatura de devandito pacto, constatamos, que no ano 2009 se cumpriu co asinado no tocante a licitación, compromiso que non se acadou no relacionado a licitación correspondente ao ano 2010.

Isto trouxo como consecuencia criticas ao Ministerio de Fomento, que solicitou un novo prazo para conseguir a financiación do AVE galego a través de colaboración público-privada, e anunciou unha macrolicitación de 6.000 millóns de euros.

O resultado de este anuncio foron dúas licitacións por colaboración público-privada, por un importe global de 2.332 millóns de euros. A primeira licitación abarca os proxectos e a execución das obras de montaxe de vía Olmedo e Ourense, así como o mantemento posterior da vía entre Olmedo e Santiago. Na segunda considérase a execución das obras necesarias para as instalacións de enerxía, control de tráfico, telecomunicacións e instalacións de protección civil e seguridade da vía entre Olmedo e Ourense, así como o mantemento entre Olmedo e Santiago destas instalacións.

Pero aínda están pendentes de licitar 3.046 millóns de euros para as obras de plataforma dos treitos que faltan por executar entre Requejo e Ourense, que segundo o Ministerio de Fomento vanse a financiar con fondos propios.

Motivo polo cal, o Grupo Parlamentario Popular presenta esta Proposición Non de Lei Urxente para o seu debate en Pleno.

"O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Ministerio de Fomento:

1.- A celebración urxente da Comisión de Seguimento do Pacto do Obradoiro.

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 472
grupo@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2011 16:30
Nº Rexistro: 65184
Data envio: 25/05/2011 14:03:35.495

grupo parlamentario de Galicia

2.- Facer público un cronograma sobre prazos de licitación, adxudicación, execución e posta en servicio dos treitos da alta velocidade comprendidos entre Olmedo e Ourense.

3.- Licitar antes de que remate o primeiro semestre do ano 2011 os 3.046 millóns de euros correspondentes as obras de plataforma dos treitos pendentes comprendidos entre Requejo – Lubián - Taboadela – Ourense".

Santiago de Compostela, 25 de Maio de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/05/2011 13:58:50

Alejandro Gomez Alonso na data 25/05/2011 13:58:58

Jaime Castiñeira Broz na data 25/05/2011 13:59:15

Román Rodríguez González na data 25/05/2011 13:59:22

Pablo Cobián Fernandez de la Puente na data 25/05/2011 13:59:53

Jesus Antonio Goldar Güimil na data 25/05/2011 14:00:05

Enrique Novoa López na data 25/05/2011 14:00:18

Daniel Luis Varela Suancez-Carpegna na data 25/05/2011 14:00:29

Marta Rodríguez Arias na data 25/05/2011 14:00:41

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rua do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 541 510
F. 981 541 472
grupo@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2011 16:30
Nº Rexistro: 65184
Data envio: 25/05/2011 14:03:35.495

grupo parlamentario de Galicia

Antonio Rodríguez Miranda na data 25/05/2011 14:00:55

Carlos Negreira Souto na data 25/05/2011 14:01:05

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 25/05/2011 14:01:40

Maria Emma Álvarez Chao na data 25/05/2011 14:01:58

Pedro Manuel Arias Vieira na data 25/05/2011 14:02:11

Jose Manuel Balseiro Orol na data 25/05/2011 14:02:29

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rua do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 541 510
F. 981 541 472
gp.ppdg@parlamentodegalicia.es
www.ppdgalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2011 17:07
Nº Rexistro: 65190
Data envio: 25/05/2011 17:07:51.408

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa das súas deputadas e deputados, **Beatriz Sestayo Doce**, **Carmen Acuña do Campo**, **José Tomé Roca** e **Modesto Pose Mesura**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

A fibromialxia e a síndrome de fatiga crónica son dúas enfermidades diferentes pero cunha forma de presentación e síntomas similares, o que confunde moitas veces ás persoas non expertas. A fibromialxia é unha enfermidade de causa descoñecida que ten como síntoma principal a dor crónica xeneralizada que se localiza, esencialmente, en zonas musculares, tendinosas, articulares e viscerais. Trátase dunha enfermidade recoñecida por todas as organizacións médicas internacionais e pola OMS dende 1992. Está clasificada polo código M79.7 da clasificación internacional de enfermidades.

A fibromialxia é unha patoloxía crónica para a que non existe un tratamento curativo, mais que non sexa curable non quere dicir que non sexa tratable. Coñécese tamén que aínda que moitas e moitos doentes diagnosticadas e diagnosticados de fibromialxia presentan trastornos psíquicos (ao redor dun 30%) estes non son a causa da enfermidade aínda que deben ser diagnosticados e tratados axeitadamente.

Pode ser unha doenza incapacitante, aínda que non en todos os casos. Existen non poucos casos onde o mantemento da integración laboral é un elemento positivo para o proceso de tratamento pero precisa dunha atención específica e dunha adaptación do posto de traballo ás súas condicións físicas, un proceso que en demasiadas ocasións non se produce e acaba co abandono do posto de traballo.

Pola súa banda a síndrome de fatiga crónica (SFC) é unha enfermidade grave, complexa e debilitante caracterizada por unha fatiga intensa, física e mental co que a súa aparición obriga a reducir substancialmente a actividade, e esta redución prodúcese en todas as actividades da vida diaria. O impacto da SFC na vida das enfermas e enfermos é demoledor, levando aparellado un inmenso deterioro da calidade de vida. Ademais destas características básicas, algunhas persoas afectadas padecen diversos síntomas inespecíficos que dificultan a realización das actividades comúns da vida diaria, incluso o conversar, chegando a limitar extraordinariamente as relacións sociais.

A pesares do elevadísimo número de doentes que padecen estas enfermidades e dos terribles efectos que producen a nivel psicolóxico, familiar, laboral e social; persoal facultativo recoñece que deberían contar con maior formación o respecto da fibromialxia e a síndrome de fatiga crónica, mellores

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2011 17:07
Nº Rexistro: 65190
Data envio: 25/05/2011 17:07:51.408

medios diagnósticos e opcións terapéuticas máis axeitadas. A diagnose tardía nestas enfermidades adoita ser unha das notas persistentes nestas doenzas.

En virtude do exposto, as deputadas e os deputados que asinan presentan a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.ª) Que proporcione unha formación específica o persoal sanitario para a detección e tratamento da fibromialxia e a síndrome de fatiga crónica.

2.ª) Que se imparta formación específica sobre delas aos médicos e equipos de valoración.

Pazo do Parlamento, 25 de maio de 2011

Asdo: Beatriz Sestayo Doce
Carmen Acuña do Campo
José Tomé Roca
Modesto Pose Mesura
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 25/05/2011 16:47:04

María del Carmen Acuña do Campo na data 25/05/2011 16:47:15

José Tomé Roca na data 25/05/2011 16:47:49

Modesto Pose Mesura na data 25/05/2011 16:47:55

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/05/2011 16:48:00

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2011 12:16
Nº Rexistro: 65211
Data envio: 26/05/2011 12:16:44.819

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do Excma. Sr. conselleiro de Economía e Industria.**

O IGAPE é un dos instrumentos mais importes do Goberno galego para desenvolver a política económica e apoiar o noso tecido produtivo. Este papel é, se cabe mais importante, neste momento de crise no que as empresas e os emprendedores precisan axuda e apoio non só para ampliar ou iniciar a súa actividade senón para manter o emprego actual e superar os problemas financeiros polos que hoxe atravesan.

Neste senso, a información aparecida nos medios de comunicación sobre a detención do director e o subdirector do IGAPE por suposta concesión de axudas irregulares, xera alarma non só sobre o destino irregular do fondos públicos e a ética dos servidores públicos, senón tamén sobre o funcionamento regular do IGAPE.

